



A TÓDOLOS TRABALLADORES/AS DO SECTOR DO METAL

Os traballadores/as do Convenio Provincial do Metal, queremos facervos chegar, mediante a Central Sindical C.I.G., a cal nos facilitou todo o seu apoio, o agradecemento a todos aqueles/as traballadores/as que, *solidariamente*, participastes e nos apoiastes o pasado xoves día 25, apesares de todos os atrancos que vos puxeron, tanto a Dirección da Empresa como as propias Direccións dos Sindicatos Estatais (CCOO e UGT).

Tamén queremos agradecer a moitos Delegados/as de CCOO e UGT, que nos seus centros de traballo deixaron atrás as directrices acadadas nas direccións dos seus sindicatos e puxéronse no papel de traballadores/as, facilitando que foran eles/as os que decidiran dar o apoio, ou non, este día.

Xesto este que, para os traballadores/as do Convenio Provincial do Metal tivo o seu afecto, xa que, apesares do momento polo que estades a pasar e a escasa información facilitada polas nosas propias mans ou verbas, fostes capaces de seguir defendendo a cultura da *UNIDADE OBREIRA*, porque con independencia de estar regulados por diferentes Convenios Colectivos, todos/as sabemos que son moitos os Convenios que están pendentes do resultado final do Convenio Provincial do Metal.

Todos/as sabemos que o obxectivo das Empresas é dividir este Sector. Non esquezamos que namentres se está negociando o Convenio Provincial foron varias as Empresas que lles puxeron ós seus traballadores/as "*Convenios Propios con subas salariais do 3,5%, 4% é incluso algunha co 7,5%, para este ano, ademais da regularización da Xornada Laboral*". Sorprendente verdade, cando namentres para o Provincial non se pode pasar do 2%.

Pois ben, é nestes momentos cando, por moi diferentes que sexan os nosos buzos, temos que demostrarlles que non esquecemos cal é o Sector ó que pertencemos, **O METAL**

Moitas grazas compañeiros e compañeiras, e tede en conta que hoxe somos nós os que vos pedimos a vosa solidariedade, pero mañá podedes ser vós.

Asdo.

OS TRABALLADORES/AS DO CONVENIO PROVINCIAL DO METAL